

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2021/G005/000051.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércoles día 15 de decembro de 2021, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA PARCELAMENTO DA PARCELA K1.2 CON REFERENCIA CATASTRAL 8066702PH1686N0001MM DO PARQUE EMPRESARIAL AS GÁNDARAS EN DÚAS PARCELAS, DENOMINADAS K1.2 E K1.2.2. (Expte:2021/Y005/000015)

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA INSTALACIÓN DE DISTRIBUCIÓN A POLO MIÚDO DE PRODUTOS PETROLÍFEROS, EN RÉXIME DESATENDIDO, CON DOUS SURTIDORES QUE CONTAN CADA UN CON DOUS DISPENSADORES PARA GASÓLEO E DOUS PARA GASOLINA 95, NA AVDA. INFANTA ELENA, NÚMERO 206. (Expte: 2021/Y001/000030)

3. LICENZA URBANÍSTICA PARA READAPTACIÓN DE EDIFICIO EXISTENTE COMPOSTO DE PLANTA BAIXA PARA ACCESOS E DOUS LOCAIS SEN ACTIVIDADE DEFINIDA, DÚAS PLANTAS ALTAS E APROVEITAMENTO BAIXO CUBERTA DESTINADO A 6 APARTAMENTOS TURÍSTICOS E 3 VIVENDAS DE USO TURÍSTICO CON CAMBIO DE USO DE RESIDENCIAL A HOTELERO (APARTAMENTOS E VIVENDAS DE USO TURÍSTICO) EN EDIFICIO EXCLUSIVO, CON LICENZA DE REHABILITACIÓN 82/19, SITO NA RÚA SAN PEDRO, NÚMERO 9. (Expte: 2021/Y001/000214).

4. LICENZA URBANÍSTICA PARA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA NO NÚCLEO RURAL DE FERREIROS-ADAI. (Expte: 86/2018).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac469748575257379090.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-12-2021

5. REVISIÓN DE OFICIO DO ACORDO Nº 15/429 ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2020 DE TRANSMISIÓN DA PARCELA M1-A, DO SECTOR SUR-K DUNHA SUPERFICIE DE 1.200 METROS CADRADOS, EN VIRTUDE DO CONVENIO URBANÍSTICO ASINADO ENTRE ESTE CONCELLO E DITA ENTIDADE EN DATA 27 DE SETEMBRO DE 2001.

6. RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 14 DE OUTUBRO DE 2021 NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E CONTROL DE ACCESOS AOS EDIFICIOS PÚBLICOS: CASA CONSISTORIAL EN PRAZA MAIOR E CENTRO DE SERVIZOS MUNICIPAIS EN ROLDA MURALLA 197. EXPTE REF.2021/C003/000009. DESESTIMACIÓN.

7. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E CONTROL DE ACCESOS AOS EDIFICIOS PÚBLICOS: CASA CONSISTORIAL EN PRAZA MAIOR E CENTRO DE SERVIZOS MUNICIPAIS EN ROLDA MURALLA 197. EXPTE REF.2021/C003/000009. ADXUDICACIÓN.

PERSOAL

8. BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A UNHA PRAZA DE TECNICO/A ESPECIALISTA TIC E PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2018) RESERVADA DISCAPACITADOS/AS.

9. BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL CONDUTOR/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OPE 2018).

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,